



## PARLAMENTO DE GALICIA

### **Resolución da Oficialía Mayor do Parlamento de Galicia sobre a designación das persoas que compoñen a mesa electoral das eleccións á xunta de persoal 2025**

Con data 16 de xaneiro de 2025, tivo entrada no Rexistro electrónico do Parlamento de Galicia un escrito de promoción de eleccións á xunta de persoal do Parlamento de Galicia, na que fixa como data de inicio do proceso electoral o 20 de xaneiro de 2025.

A Mesa do Parlamento toma coñecemento da antedita convocatoria o 16 de xaneiro de 2025, e insta a que se leven a cabo as actuacións e publicacións previstas nos artigos 4 e seguintes das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, aprobadas por Acordo de Mesa do 5 de xuño de 2006 (BOPG 156 do 8 de xuño de 2006).

*De conformidade co disposto no artigo 6 das Normas reguladoras: A mesa electoral estará constituída polo presidenta ou a presidenta, que será o funcionario ou a funcionaria de maior antigüidade, de acordo co tempo de servizos recoñecido, e dous vogais, que serán os funcionarios ou as funcionarias de maior e menor idade de entre os incluídos no censo correspondente, e o de menor idade actuará como secretario. Designaranse suplentes a aqueles funcionarios que, á súa vez, sigan aos titulares da mesa electoral na orde indicada de antigüidade ou idade.*

Consultados os datos referidos á idade e antigüidade do persoal funcionario desta Administración, désígnanse para formar parte da mesa electoral deste proceso ás seguintes persoas:

#### TITULARES

**Presidenta:** Carlos Díaz Abraira

**Vogal 1:** Francisco Javier Freire González

**Vogal 2 e secretaria:** Natalia Noya Corbelle

#### SUPLENTES

**Presidente:** Purificación López Gómez

**Vogal 1:** Hixinio Estévez Adán

**Vogal 2 e secretario:** Cristian Pernas Rubal.



## PARLAMENTO DE GALICIA

Ao abeiro do establecido no artigo 8 das normas reguladoras das eleccións a Mesa electoral deberá constituírse formalmente na data fixada polos promotores, isto é, o 20 de xaneiro de 2025, as 13:00 horas, na Sala María Luz Morales Godoy, podendo estar asistida tecnicamente por un representante de cada un dos sindicatos con capacidade para promover eleccións e, si a Mesa electoral o require, por un representante da administración parlamentaria.

Segundo o artigo 8.2 das Normas reguladoras, os cargos de presidente ou presidenta, vogal e secretario ou secretaria da mesa electoral son irrenunciabes. Se calquera das persoas designadas estivese imposibilitada para concorrer ao desempeño do seu cargo, deberallo comunicar ao letrado oficial maior, antes da data determinada para a constitución da mesa electoral, coa suficiente antelación que permita a súa substitución por unha persoa suplente.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O letrado oficial maior.